

RECURSOS LITERARIOS




Hai recursos literarios nunha composición? Debes ler o texto e ter en conta:

1. As palabras... están en sentido literal ou en sentido figurado; doutro xeito: as palabras... Teñen significado denotativo ou connotativo?
2. Hai tropos? Hai recursos relacionados con repetición, supresión, orde, contraste, xogos de palabras, signos de puntuación... Hai outros recursos?
3. Que FUNCIÓN ten cada un dos recursos no poema?

TROPOS (A - B)

Relaciónanse dous termos (A e B) que teñen algunha relación (fundamento). O termo A é o termo real. O termo B (imaxinario) emprégase en sentido figurado.



Metáfora	Diferenciamos: • Metáfora <i>in absentia</i> (metáfora pura). Só aparece B. B: Os dentes na súa cara... Dime onde vas, miña cerva ferida... Álvaro Cunqueiro. • Metáfora <i>in praesentia</i>. Aparecen A e B: Os seus dentes son perlas. Os dentes, perlas na súa boca... <i>Mais ve que o meu corazón é unha rosa de cen follas.</i> A é B (ou B é A).- A mar é terciopelo... Iglesia Alvaríño. A, B ou A: B.- Meu corazón, branca vela. M. Fabeiro. A de B ou B de A.- A miña sede de mar / inmaculado / queda coutada por unha / estrofa de auga. Manuel María. As mareas do meu corazón. Manuel Antonio.
Alegoría	Sucesión de metáforas. Representación continuada de termos imaxinarios (B) que corresponden a termos reais (A). Exemplo: O poema "A rosa que sangra", de Cabanillas.
Símil	A como B. Os dentes como perlas... <i>O sapo era como un paxaro triste.</i> Cuña Novás. <i>O vento e o mar berraban coma cans adoecidos.</i> Bernardino Graña
Símbolo	P.e. o <i>barco</i> en Manuel Antonio (=eu lírico), o <i>corvo</i> en Pondal (=liberdade).
Metonimia	B substitúe a A en base a unha relación de proximidade (causa polo efecto, continente polo contido, autor pola obra...): <i>Mercou un Picasso</i> . Sinécdoque. Tipo de metonimia. B substitúe a A (todo pola parte ou parte polo todo): <i>Xa ten dezaoito primaveras</i> (primaveras úsase en lugar de anos). Non é preciso diferenciala da metonimia.

OUTROS RECURSOS, POR:

REPETICIÓN	Fonemas / Sons	<i>Como canta ao caír nas brancas cuncas!</i> Cabanillas <i>Pende en que pende Penélope pensativa.</i> Cunqueiro	Rep. de sons asociados a un determinado contido.	Aliteración
		<i>- O lobo! Os ollos, o lombo do lobo!... baixa o lobo polo ollo do bosco coma un sono.</i> Uxío Novoneyra	A repetición de o simboliza representa o ouveo do lobo, a cerrazón, a escuridade.	Fonosimbolismo
		<i>I o sapo, que oía, repuxo: -Cro, cro!</i> Curros	Repetición de fonemas que reproducen sons naturais.	Onomatopea
		<i>Tarde parda. No sagrado segredo de Vigo.</i> Luz Pozo.	Sons en palabras diferentes.	Paronomasia
	Palabras ou grupos de palabras	<i>Lonxe de vós, inda máis lonxe. Lonxe. Lonxe.</i> Lorenzo Varela.	Palabras ao final do verso:	Epífora
		<i>Ponte de ponte, ponte amiga en ponte.</i> Méndez Ferrín.	Repetición de palabras con significados diferentes.	Diáfora
		<i>...e agoire fremosamente a cousa a cousa a cousa formal.</i> X. L. Méndez Ferrín.	Repetición inmediata dunha ou máis palabras nun mesmo verso.	Reduplicación
		<i>Si cantan, es ti que cantas.</i> Rosalía de Castro	Repetición de palabras con distintas funcións.	Políptoto
		<i>O aire da tarde / a tarde do aire.</i> Novoneyra	Repetición de grupos de palabras, pero con outra orde (ou función)	Conmutación
		<i>Dóeme a vida coma unha ferida acoitelada, coma un anoitecer desleigado, coma un cadaleito...</i> M. do Carme Kruckenberg	Ao comezo.	Anáfora
		<i>Vas na verba, verba que rixe, verba enteira que é.</i> María Mariño	Final dun verso e principio do seguinte. Vid. concatenación: Sucesión de anadiploses.	Anadiplose.
		<i>Amén, miña vella, amén; Bendito sea Dios, bendito.</i> Rosalía de Castro	Principio e final do verso.	Epanadiplose
		<i>Moe, moe, rodicio do sol...</i> Bouza Brey	Ao principio dun verso.	Epanalepse
		<i>Procura nas mans do Vento, Sol, que se levou meu acento. Esculca nas mans da Lúa, Sol, que se zugou miña albura.</i> Bouza Brey	Rep. construcións similares en distintos versos.	Paralelismo

		<i>O bronce meu, teu bronce foi María.</i> Lorenzo Varela.	Disposición en cruz dunha mesma estrutura sintáctica ou semántica, onde se repiten palabras. Poden aparecer nun só verso ou en dous.	Quiasmo
		<i>Si ela vai á romaría, el á romaría vai; si ela dá un ichavo ón cego el outro ichavo ha de dar.</i> Curros Enríquez.	Contraposición de dúas frases que conteñen as mesmas palabras en distinta orde.	Retruécano
	Lexemas	<i>Chora a terra desterrada, Terra arada, nai perdida.</i> Xosé M. ^a Díaz Castro	Repetición dun lexema con distintos morfemas.	Derivación
	Conxuncións	<i>¡Que a man tembrosa no papel só escriba palabras, e palabras, e palabras!</i> Rosalía de Castro	Acumulación de conxuncións.	Polisíndeto

SUPRESIÓN	<i>Outono, sangue morto, aloumiño sin forza, apagada canción de cotovías. Outono silandeiro, espida gaita, rebuldar de pingueiras. Soedade.</i> Avilés de Taramancos.	De nexos Dan impresión de rapidez.	Asíndeto
	<i>—O corazón e o medo ¡sempre tan xuntos! A. Pexegueiro (elídese o verbo "están" ou "van").</i>	De palabras	Elipse
ORDE	<i>Fai ti, Virxe divina e sonora, que o canto meu o esquecemento dome".</i> Pondal	Alteración da orde normal.	Hipérbato
CONTRASTE	<i>Se os que xacen dentro non poden saír e os que viven fóra non queren entrar...</i> C.E. Ferreiro. <i>Digo cecáis non digo...</i> Méndez Ferrín.	Contrapoñer unha palabra ou frase con outra de sentido contrario.	Antítese
	<i>e nais que non teñen fillos e fillos que non téñen pais".</i> Rosalía de Castro <i>A noiva goleta enloitada de branco.</i> Manuel Antonio.	Afirmar algo que implica unha contradición. Pode ser absurdo nun principio, pero ter certo sentido tras unha reflexión profunda.	Paradoxo
XOGOS DE PALABRAS	<i>Ah, gata divinal ollos de ágata para ollar o Danubio sen retorno.</i> Luz Pozo.	Xogo de palabras...	Calembur
	<i>é o gran capital multinacional dos norteameri-CAS.</i> Manuel María. E o perdón é cousa mui preçada / e que se devía mui'a guardar; / mais ela non ha maeta ferrada / en que o guarde, nen a pod'haver, / ca, pois o cadead'én foi perder, / sempr'a maeta andou descadeada. Pero da Ponte. ("Maeta": diloxía=equívoco).	Palabra usada con dous sentidos diferentes simultaneamente.	Diloxía

RELACIONADOS CON SIGNOS DE PUNTUACIÓN	<i>Ai, meu Sil, meu meigo río...</i> E. Guerra da Cal.		Apóstrofo
	<i>Morte negra, morte negra, cura de dores e enganós: ¿Por qué non máta-las mozas antes de que as maten os anos.</i> Rosalía de Castro.	Pregunta enfática da que non se espera resposta.	Interrogación retórica
	<i>Canta moura verdá neste relanzo mollado de campás...</i> Antonio Tovar	Interrupción do discurso.	Reticencia
VARIOS	<i>Sinto no peito uns afogos que parece que mo morden sete ducias de cans dogos.</i> Curros Enríquez.		Hipérbole
	<i>áxiles cadros sen marco</i> Manuel Antonio		Sinestesia
	Vid. “ironía” en cantigas de escarnio.		Ironía
	<i>Bicaron ao morto os beizos mollados do ceo de outono.</i> Amado Carballo <i>Reza un merlo no souto frorido de cereixos relixioso ofertorio duns místicos amores.</i> Ramón Cabanillas.		Personificación
	Vid. <i>O porco de pé</i> . Risco. <i>A muller ía no prado; a vaca facía o xantar; a cadela varre a casa e a vasoira vai lavar.</i> Popular.	Atribución de características propias de animais a, principalmente, persoas.	Animalización
	<i>Cando penso que te fuches, negra sombra que me asombras...</i> Rosalía de Castro.	Adxectivo cualificativo que destaca unha calidade contida no significado do substantivo ao que acompaña. Vid. epíteto metafórico.	Epíteto
	Vid. <i>O porco de pé</i> . Risco. <i>As portas, as cadeas, o aire, as fenestras, as olladas, son de pedra.</i> Celso Emilio Ferreiro	Sucesión de elementos relacionados entre si.	Enumeración
	<i>Que barba non cuidada!</i> Pondal	Negación do contrario do que se quere afirmar.	Lítote
	<i>O rústico eido onde fun nado.</i>	Alusión a unha persoa ou cousa por medio dun rodeo.	Perífrase

GLOSARIO DE FIGURAS LITERARIAS

https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1432210229/lrica_galega2.html



NIVEL FÓNICO	NIVEL MORFOSINTÁCTICO			NIVEL LÉXICO- SEMÁNTICO		
Figuras de dicción				Xogos de palabras	Figuras de pensamento	Tropos
Figuras de repetición	Figuras de repetición	Figuras de omisión	Figuras de orde sintáctica			
Aliteración	Anadiplose	Asíndeto	Correlación	Calembur	Animalización	Alegoría
Paronomasia	Anáfora	Elipse	Encabalgamento	Diáfora	Antítese	Comparación
Fonosimbolismo	Concatenación	Zeugma	Hipérbato	Díloxia	Apóstrofe	Metáfora
	Derivación		Paralelismo	Equívoco	Enumeración	Metonimia
	Epanadiplose		Quiasmo	Retruécano	Epíteto	Sinédoque
	Figura etimolóxica				Epíteto épico	Símbolo
	Políptoto				Gradación	
	Polisíndeto				Hipérbole	
	Reduplicación				Interrogación retórica	
					Litote	
					Oxímoro	
				Paradoxo		
				Perífrase		
				Personificación		
				Pleonasmo		
				Sinestesia		

GLOSARIO DE FIGURAS LITERARIAS

GLOSARIO DE FIGURAS LITERARIAS